



VETERANOS ACTIVOS

**RUTA DOS PETROGLIFOS DE TEO (A Coruña)
VISITA AO MUSEO PEGAGÓXICO DE GALICIA,
EN SANTIAGO DE COMPOSTELA
MÉRCORES 13 DE NOVEMBRO DE 2024**

Esta ruta une as dúas zonas arqueolóxicas mais importantes deste termo municipal: a zona de Cornide-Regoufe e a do Monte Piquiño; así pódense ver un total de 15 estacións catalogadas, tres delas co recoñecemento de ben de interese cultural: Petroglifos do Río Angueira na parroquia de Calo e os do Corno e Pena Bicuda de Loureiro, na parroquia de Luou.

Tomaremos café antes da andaina, que comezaremos na carballeira de Cornide (Calo) na que tamén está a Capela dos Milagres, un cruceiro e a antiga escola. Logo de ver a aldea, atopamos outra carballeira e xa nos metemos á beira do río Angueira, cos séus muiños, pontigos, un lavadoiro e a súa vexetación de ribeira.

Axiña chegamos á primeira zona arqueolóxica: petroglifos do río Angueira e Outeiro do Corno. Despois subimos ata o Monte Piquiño, e aquí está a segunda zona arqueolóxica, que ademais dos petroglifos ten tamén mámoas, penedos espectaculares (Trono da Raiña) e unhas vistas panorámicas abraiantes do val de Maia e do Val do Ulla. Dende aquí tamén poderemos contemplar o Pico Sacro.

Rematamos a ruta por un fermoso camiño ata a aldea de Loureiro, onde nos agardará o autobús.

A continuación visitaremos o Museo Pedagóxico, no que se amosa a evolución da escola galega a traveso do tempo. Veremos recreacions de aulas dende o século XIX ata a EXB.

Distancia: 9,2 km. Dificultade: baixa.

Desnivel subida: 401m De baixada: 301 m

A SAÍDA

As 9 horas, da parada de bus de Deportien-
da no Pavillón de Riazor, coas paradas de Juan
Flórez, Alfonso Molina e Carrefour.

AS SEGUINTES RUTAS SON:

8 Novembro. Práctica de Marcha Nórdica.

Parque de San Diego. De 17 a 18,30 horas.

15 Novembro. Práctica de Marcha Nórdica.

Parque de San Diego. De 17 a 18,30 horas.

17 Novembro. Coñece e Camiña. Parques e
bosques de Santiago de Compostela.

25-28 Novembro. Veteranos Activos. Sendei-
rismo e visitas culturais. Cervera de Pisuerga
(Palencia).

15 Decembro. Coñece e Camiña/Veteranos
Activos. Guitiríz. Xantar en restaurante.



